

UNIDADE 9 GRECIA

9.1. AS ORIXES DA CIVILIZACIÓN GREGA : TERRITORIOS DA GRECIA ANTIGA



A Grecia antiga estaba formada polas penínsulas Balcánica e do Peloponeso, as illas do Mar Exeo e as costas de Asia Menor. A súa situación convertíaa nunha ponte entre Asia, África e Europa.

Na conformación histórica disto que chamamos Grecia interveñen os seguintes factores:

- A **área orixinal grega** e os condicionamentos **xeográficos**:
 - O relevo montañoso e as illas posibilitou o illamento das distintas poboacións, dando lugar, en última instancia, ao nacemento das polis.
 - As costas recortadas permitiu unha dedicación pesqueira e comercial importante, debido así mesmo á pobreza e escaseza dos seus chans agrícolas o que levaba á busca de recursos alternativos.
 - Neste sentido, o clima mediterráneo que domina estas terras daba lugar a unha agricultura de secaño pouco produtiva, fundamentada no que denominamos **triloxía mediterránea** (cereal, vide e oliveira).

- Condicionamentos **culturais**:
 - O home grego clásico é o resultado dunha intensa mestura étnica que ten como ingredientes aos pobos autóctonos e aos diversos integrantes das ondas invasoras (aqueos e dorios).
 - A proximidade a rexións que xa coñeceran un florecedemento histórico-cultural, como Exipto e Mesopotamia, contribuíu a enriquecer os seus piares culturais.

O mar e as montañas posibilitaron o nacemento das polis e a inexistencia dun Estado unificado, o que unido á escaseza de recursos fixo necesarias as colonizacións doutras terras e a expansión da cultura grega por todo o Mediterráneo.

Espazo grego: <https://www.youtube.com/watch?v=JOPjQ22wKww>

9.2. A HISTORIA DE GRECIA

Podemos distinguir as seguintes etapas

- A).-Na IDADE DO BRONCE:

1.-A CIVILIZACIÓN MINOICA (3000-1450 a.C) desenvolvida en Creta, caracterizouse por unha grande actividade comercial, marítima e a construción de imponentes pazos (Pazo de Cnosos).

2.-CIVILIZACIÓN MICÉNICA (1600-1200 a.C), en torno a Micenas ten lugar o desenvolvemento desta cultura (Peloponeso), desapareceu coa invasión dos dorios.

CULTURAS MINOICA E MICÉNICA:


<https://www.youtube.com/watch?v=p9dAv8y15m4>

- B.- Na IDADE DO FERRO:

1.-A ÉPOCA ESCURA (1200-750 a.C), caracterizada polo dominio dos dorios e o **nacemento das polis**. As polis estaban formadas por unha cidade principal, rodeada de campos e de aldeas.

Malia as súas diferenzas, as polis compartían relixión, cultura, lingua e unha estrutura urbana semellante, dividida en dous espazos:

- A *ágora*: unha praza central de grandes dimensións, onde se desenvolvía a vida comercial e política das polis.
- A *acrópole*: situada na zona elevada da cidade, era un lugar de refuxio, onde tamén se construían os templos.



As polis máis importantes foron Atenas, Esparta, Corinto e Tebas.

2.-A ÉPOCA ARCAICA, que se estende entre os séculos VIII e VI a.C, as monarquías iniciais evolucionaron cara a **aristocracias** (gobierno dos mellores) ou **tiranías** (poder dunha persoa). Os problemas internos das polis (exceso de poboación e necesidade de terras) levaron ás polis a colonizacións de boa parte do Mediterráneo e a expansión comercial

3.- A ÉPOCA CLÁSICA e o período de máximo esplendor de Grecia destacan dúas polis :

- ATENAS. Donde as desigualdades sociais provocaron unha serie de reformas políticas e a posterior evolución cara á democracia, na que o poder residía na **Ekklesia** (assemblea de cidadáns). A figura de Pericles encarna a gloria de Atenas.

- ESPARTA. O sistema de goberno era a **oligarquía**, na que o poder era exercido por 2 reis, coa axuda da Xerusía (consello de anciáns) e a Apella (Asemblea popular)

ÉPOCA ARCAICA ;https://www.youtube.com/watch?v=laV4rNo_OS8

9.3 A COLONIZACIÓN GREGA: ABRINDO PORTAS AO MUNDO



Entre os séculos VIII e VI a. C., moitos gregos decidiron emigrar porque a situación de crise era insostible.

A poboación medrara moito e a terra, pola súa escasa fertilidade, non podía producir alimentos para todos.

A isto había que sumarlle que estaba repartida de maneira desigual; é dicir, as oligarquías posuíana case por completo mentres que o groso da poboación sufría fame continua.

Ademais, moitas persoas, ao non poder pagar os seus impostos, estaban condenadas á escravitude por lei.

Toda esta situación provocou que bastantes campesiños abandonaran o seu lugar de nacemento cara a novas terras, na procura de condicións de vida mellores.

Pero non só foron persoas pobres as que poboaron os novos territorios, moitos comerciantes tamén decidiron probar sorte expandindo os seus negocios.

Comeza así a expansión grega, que se produciu en dúas ondas:

- **Cara a Occidente**, entre o séculos VIII e VII a. C.

Neste momento, os gregos asentáronse nas illas e costas do mar Xónico, Sicilia, Italia e no extremo occidental do Mediterráneo.

Na península Ibérica destaca a fundación de Rhode, Emporion, Hemeroskopeion e Mainake.

Eran colonias que funcionaban como enclaves comerciais entre os pobos indíxenas (tartesos e iberos), que posuían grandes cantidades de ouro, prata, cobre e estaño.

Nas relacións comerciais, os gregos proporcionáronlles aos indíxenas o coñecemento de avances coma a escritura, o torno, a moeda ou os novos cultivos, coma a vide e a oliveira.

- **Cara a Oriente**, tras o século VII a. C.

Nesta área fundaron as colonias do Mar Negro.

Os novos territorios nos que se asentaron os gregos, as colonias, compartían características semellantes: tratábanse de lugares próximos á costa, con terras fértiles e auga en abundancia.

As consecuencias das colonizacións foron claras: maiores beneficios económicos, un enriquecemento cultural mutuo e a creación dunha organización social nova.

9.4.A ECONOMÍA GREGA

As actividades económicas gregas eran:

A agricultura, sobre chans escasos e pobres, baseábase na vide, o cereal e a oliveira.

A artesanía, practicada nas cidades, era hereditaria e baseada na cerámica, os tecidos, o metal e o coiro.

O comercio, intenso, podía ser local (mercados das polis) ou internacional (relacións coas colonias). Para os pagamentos utilizaban a moeda.

9.5.A SOCIEDADE GREGA

A sociedade grega estaba dividida en:

CIDADÁNS, ou habitantes das polis con dereitos políticos. Pagaban impostos e dividíanse en aristócratas, comerciantes e agricultores.


NON CIDADÁNS, estranxeiros (metecos en Atenas, periecos en Esparta) sen dereitos políticos. Pagaban impostos e servían no exército. Eran comerciantes e artesáns.

ESCRAVOS. Constituían a man de obra da agricultura, a artesanía e o servizo doméstico. Chegábase á escravitude por débedas ou por ser prisioneiro de guerra.

A muller grega carecía de dereitos políticos e participaba pouco na vida pública das cidades.

9.6. A RELIXIÓN

Os gregos crían na existencia de numerosos deuses e heroes. Os templos eran as casas dos deuses, aos que adoraban na casa ou en actos públicos (Xogos Olímpicos). Tamén crían en oráculos, descifrados a través de adiviños.



9.7 A ARTE , AS LETRAS E AS CIENCIAS

A ARTE GREGA :COMPARACIÓN DOS ESTILOS CLÁSICOS


	DÓRICO	JÓNICO	CORINTIO
BASA	NON	SÍ	SÍ
FUSTE	Máis grueso	Máis estilizado	Máis estilizado
CAPITEL	Ábaco, equino e collarino	Volutas	Follas de acanto
ARQUITRABE	Liso	En tres partes	En tres partes
FRISO	Triglifos e metopas	Corrido	Corrido
CORNISA	Máis ancha	Máis estreita	Más estreita

CARACTERÍSTICAS DA ESCULTURA GREGA

ÉPOCAS	MATERIAL	EXPRESIÓN DO ROSTRO	MOVIMIENTO
ARCAICA	Pedra caliza	Inexpresividade	Rixidez
CLÁSICA	Bronce e mármore	Tranquilidade	Movemento leve
HELENÍSTICA	Mármore	Expresividade	Movemento acentuado

:

LA ESCULTURA GRIEGA: CARACTERÍSTICAS GENERALES.



<https://www.youtube.com/watch?v=A2IEIyQJVHg> (arquitectura griega)

<https://www.youtube.com/watch?v=ghUgBpIOzQk>

[\(escultura griega\)](#)

<https://www.youtube.com/watch?v=V9VP87BVKtw> (canon 7 cabezas)

<https://www.youtube.com/watch?v=MCK21ggoOIE> (s de Praxíteles)

Os gregos destacaron en múltiples ramas do saber:

- En filosofía destacamos a Sócrates, Platón e Aristóteles.
- En literatura, Esquilo, Sófocles, e Homero.
- En historia, Heródoto e Tucídides.
- En matemáticas, Pitágoras e Euclides.
- En física, Arquímedes.
- En medicina, Hipócrates.
- En astronomía, Hiparco, Ptolomeo, e Eratóstenes

A **cultura helenística** caracterizouse pola mestura de elementos gregos e achegas orientais. Foron importantes a construción de novas cidades (Alexandría), calzadas, bibliotecas, etc

A CIVILIZACIÓN GREGA

Séc. VIII-I a. C.

